


# "LECTURA E FAMILIAS"



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





Queridas familias do CEIP de Cervo:

Son Puca e escribovos desde Bibliocervo para convidarvos a participar nas actividades do proxecto "Lectura e familias", que ten como obxectivo favorecer a colaboración entre as familias e o centro en aspectos fundamentais do proceso de ensinanza-aprendizaxe, avivando o gusto pola lectura, facilitando a comprensión lectora, nun contexto de multiafabetización, e dotando de ferramentas que permitan unha selección crítica da información a través da proposta de diferentes experiencias que incrementen a participación activa e favorezan o sentimento de pertenza ao centro e á Comunidade Escolar.

Algunhas das propostas das que vos queremos facer partícipes son as seguintes:

- Desenvolver obradoiros baseados na filosofía "faino ti mesmo", relacionados co traballo do alumnado e co Proxecto Anual, que vos acheguen experiencias e formación, de xeito que poidades construír a vosa propia aprendizaxe de maneira práctica, adquirindo destrezas precisas para trasladar esas experiencias ás vosas fillas e fillos.
- Facilitar coñecementos e ferramentas para afrontar as necesidades diarias que supón o acceso á información e aos medios de comunicación.
- Incrementar o número de títulos para adultos que temos no noso haber contando coa vosa participación na súa elección.
- Facilitar e promover o acceso á lectura ás familias, mediante o préstamo de libros, en horario de **16:00 a 18:00, de martes a venres.**

Anímovos a participar nas actividades previstas para este trimestre!

*Puca*

# OBRADOIROS PREVISTOS PARA OS VINDEIROS MESES:

## MARZO:

**MARTES, 15:**

**"COCIÑANDO RECEITAS DE CAMBIO" con Lucas Requejo (Ultralimento).**

Un obradoiro que pretende orientar ás nais e pais na muda de hábitos cara unha vida saudable e sostible, a través da lectura.

**HORARIO: 16:00 - 17:30 h**

**MARTES, 22, E MÉRCORES, 23:**

**ESCOLA DE FAMILIAS: Disciplina Positiva con Paula Otero Freijomil** (continuación das sesións do mes de febreiro).

**HORARIO: 16:30 - 18:00 h**

**MARTES, 29:**

**PLAN DIRECTOR a cargo da Garda Civil.**

Obradoiro no que se proporcionarán ferramentas orientadas a previr problemas relacionados cos seguintes temas:

- **Perigos do uso das Novas Tecnoloxías en menores de idade** (17:00 - 17:45 h).
- **Videoxogos: pautas para un uso responsable e identificación dos que provocan adición** (17:45 - 18:30 h).

**HORARIO: 17:00 - 18:30 h**

# ABRIL:

## **MÉRCORES, 6:**

### **"E-TÉXTILES" con Paola Guimeráns.**

Este obradoiro ofrecerá unha aproximación aos e-téxtiles que, como sucede coa robótica, forma parte da educación innovadora do século XXI. Os/as participantes aprenderán a construír un circuío, experimentar con novos materiais e explorar os potenciais creativos que ofrece a integración da electrónica en téxtiles. Durante a iniciativa, pensada para que todos os membros da familia participen de forma activa e en equipo, propoñeráse o deseño de accesorios luminosos (roupa con "superpoderes"). Para o desenvolvemento do exercicio, cada familia participante recibirá un kit cos compoñentes electrónicos e materiais necesarios para deseñar o seu proxecto.

**HORARIO: 16:00 - 18:00 h.**

## **MÉRCORES, 20:**

### **"CONTAR NO SÉCULO XXI" con Paula Carballeira.**

No século XXI a narrativa parece quedar relegada á conexión de imaxes audiovisuais. Esquecemos a evocación da narración oral, o tempo preciso para establecer relacións de proximidade e para afondar nos grandes temas que nos permitan ter ferramentas para afrontarnos aos problemas que, sen dúbida, atoparemos no noso camiño.

Este curso pretende chamar a atención sobre os aspectos máis relevantes á hora de contar unha historia e ofrecer indicacións e consellos para desfrutar o momento de compartir un conto entre diferentes xeracións.

**HORARIO: 16:30 - 17:30 h**

## **MÉRCORES, 27:**

### **OBRADOIRO DE RADIO PARA FAMILIAS con Damián Alonso (Ponte nas Ondas).**

Obradoiro sobre o coñecemento da parte técnica e de locución da radio.

**HORARIO: 16:00 - 18:00 h**

**Nota: haberá servizo de canguraxe en horario de 16:00 a 18:00 h.**

**Prégase anotarse nos obradoiros coa maior antelación posible para poder coñecer o número de asistentes e facilitárllelo ás poñentes, xa que as prazas son limitadas (25/obradoiro).**

Podes cumprimentar os datos e a información neste documento e entregalo no cole ou, se che resulta máis práctico, facelo a través do formulario da páxina web (recomendado).

Datos para facer o carnet da biblio:

Nome: \_\_\_\_\_

Apelidos: \_\_\_\_\_

Nº de teléfono: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Son familiar d@ alumn@: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Os libros que me gustaría que houbera na sección de adultos son...



Marca as casiñas dos obradoiros nos que vos gustaría participar:

## MARZO:

### MARTES, 15:

"COCIÑANDO RECEITAS DE CAMBIO" con Lucas Requejo (Ultralimento)

### MARTES, 29:

PLAN DIRECTOR DA GARDA CIVIL: Novas Tecnoloxías e Videoxogos

## ABRIL

### MÉRCORES, 6:

E-TÉXTILES con Paola Guimeráns

### MÉRCORES, 20:

"CONTAR NO SÉCULO XXI" con Paula Carballeira.

### MÉRCORES, 27:

OBRAOIRO DE RADIO con Damián Alonso (Ponte nas Ondas).

Datos para asistir aos obradoiros:

Nome: \_\_\_\_\_

Apelidos: \_\_\_\_\_

Nº de teléfono: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Son familiar d@ alumn@: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_